



CONCURSO DE POSTAIS CONCELLO DE MOS 2020

Pide un desexo, pecha os ollos e anhela con todas as túas forzas que se faga realidade.

É o Nadal, o esplendor dos sonhos d@s nen@s, o momento máxico do ano no que a emoción e as ilusións d@s pequen@s se converten nos protagonistas de cada recuncho dos nosos fogares.

Este ano, máis que nunca dende a **Biblioteca Municipal** queremos aproveitar que estades moito na casa para potenciar a vosa creatividade e fomentar o debuxo, a lectura e a escritura en familia; poñendo en marcha o tradicional Concurso de "Postais de Nadal", enfocado exclusivamente para o público con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

BASES

1. Poderá ser en galego ou en castelán.
2. Poderáselle engadir ademais de debuxo todo tipo de ilustracións, fotos, recortes, etc...
3. Poderanse empregar os materiais que se desexen: ceras, lapis, bolígrafos, rotuladores, teas, etc.
4. O tamaño non poderá exceder dun folio tamaño A4 por un só lado, e a extensión mínima será de medio folio A4 por un só lado.
5. En relación ao tema, convidamos aos pequenos a engadir tamén unha frase; pode ser un desexo que non sexa de carácter material ou expresando que lles gustaría que cambiase no seu contorno cotián, dos amigos/as, familiares, na escola, dos pais, etc.
6. A postal deberá ser obra d@ propi@ nen@, que incluírá os seguintes datos: nome, idade, centro educativo, enderezo e teléfono de contacto. Só se aceptará unha postal por persoa.

CATEGORÍAS

Establécense 3 categorías de idade distribuídas da seguinte forma:

Categoría I: de 3 a 5 anos

Categoría II: de 6 a 8 anos.

Categoría III: de 9 a 12 anos.

PRAZOS

Entrarán en concurso todas as postais entregadas **entre o día 4 e o día 22 de decembro de 2020**, na Biblioteca Municipal.

Horario da Biblioteca:

De luns a venres: de 10.00h a 21.00h

Excepto desde o 21 de decembro ao 8 de xaneiro, horario de nadal de 09: 00h a 14.30 h

Exposición: do 28 de decembro ao 5 de xaneiro

XURADO

O xurado estará formado polos propios nen@s participantes no concurso.

Os **días 28 e 29 de decembro**, en horario de 9:00 h a 14:30 h, poderán visitar a exposición para votar unha obra de cada categoría.

PREMIOS

Establécese un premio por categoría, que se entregarán o **4 de xaneiro** ás 12:00h, na biblioteca municipal.

Os premios son os seguintes:

Categoría 1: un vale para libros e material escolar máis un diploma.

Categoría 2: un vale para libros e material escolar máis un diploma.

Categoría 3: un vale para libros e material escolar máis un diploma.

Nota: as obras quedarán a disposición do Concello de Mos e este poderá publicalas sen ningún ánimo de lucro cando fose do seu interese.

Así mesmo, a presentación dunha obra implica a aceptación total destas bases.